




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Costas do Son e Corrubedo. Municipio: Porto do Son. Parroquias: Santo Estevo de Queiruga no noroeste e nordés, e Santa María de Caamaño no resto. Extensión: 2,47km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dunha área na que a litoloxía xoga un papel fundamental na disposición do relevo. A costa componse dunha liña recortada onde os saíntes rochosos coinciden con afloramentos graníticos, mentres que os materiais máis facilmente erosionables orixinan pequenas baías nas que son característicos os taludes de xistos e as covas litorais, denominadas furnas. Cara ao interior, sobre unha continuidade de materiais sedimentarios, esténdese unha chaira costeira moi aplanada, que presenta unha forma triangular e que, ao leste, é interrompida abruptamente por elevacións graníticas cuxas ladeiras chegan a exceder o 40 % de desnivel. Inclúe o EIX Xeofornas costeiras de Caamaño.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Como toda esta parte da ría de Muros e Noia, presenta dúas especies rochosas que se reparten as áreas da unidade: un granito hercínico de dous micas de gran medio a groso, con orientación por deformación, "Tipo Barbanza", que é posible encontrar na parte oriental, na banda máis ao norte e no sector máis costeiro do centro-norte e sur da unidade; xistos con niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de Idade precámbrico-silúrica no resto.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais por enriba de 14°C, oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1200mm e 1400mm. A cabeceira da vertente rexistra maiores precipitacións chegando a alcanzar máximos de 1600mm, definindo a variante Moi Húmida do dominio climático.

OS SOLOS

Cabeceira da vertente, estribacións do Monte Graial, con leptosois líticos caracterizados por ser chans pouco evolucionados, de escaso espesor e con importante presenza da rocha en superficie. Cara ao fondo da ladeira, os chans están máis desenvolvidos e adquiren progresivamente máis profundidade formando en primeiro lugar umbrisois dístricos e finalmente no tramo costeiro con escasa pendente, cambisois dístricos. Neste sector tamén poden aparecer leptosois e regosois asociados a cantís.


AS AUGAS

Esta unidade caracterízase por presentar unha ampla chaira litoral pola que circula o arroio do Corzo, recollendo a auga dos relevos circundantes e desembocando no lugar da Cova do Muíño, en Augas Costeiras de Porto do Son (20172).

O PATRIMONIO NATURAL

Cantís e chaira costeira próxima protexidos polo LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Cantís baixos co hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e o 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. O extremo norte posúe dunas remontantes e manto eólico asimilable ao grupo 21 de dunas mariestafas atlánticas. As vertentes próximas aos cantís presentan o hábitat 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. O Rego de Corzo presenta pequenos rodais ripícolas (91E0). Ao Oeste do núcleo da Capela aparece unha masa aberta de frondosas, ripícola -nunha suave concavidade- e de recolonización -abandono de cultivos-, na que tamén existe potencialidade para os prados hidromorfos (6420 e 6430). Nas partes altas os afloramentos rochosos presentan o grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, mentres os sucros amosan o hábitat 4030 (breixos secos europeos), con posibilidade para o 4020, breixos húmidos atlánticos con Erica ciliaris e Erica tetralix.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na primeira franxa litoral apréciase a ocupación de formacións vexetais costeiras desprazando as parcelas agrícolas abandonadas, con todo o uso agrícola predomina en toda a unidade cunha densa trama de parcelas estreitas agrupadas entre a rede de camiños. Os núcleos rurais vinculados a pequenas explotacións agrícolas mestúranse cos asentamentos espontáneos máis recentes de uso residencial. Pequenas masas boscosas de árbores procedentes da repoboación aparecen salpicadas por toda a unidade e cobran maior protagonismo nas ladeiras montañosas. A vexetación ripícola autóctona mantense na ribeira do arroio do Corzo.

MORFOLOXÍA

Destacan os núcleos rurais de Corzo e O Rosío acubillados ao pé das montañas e os asentamentos espontáneos de forma lineal nas marxes da estrada e outros illados, a morfoloxía responde á típica edificación rural de planta e baixo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada principal da unidade é a AC-550 que transcorre rectilínea e lonxitudinalmente dividindo a unidade en dúas metades, ramifícase noutras vías que comunican os asentamentos illados e estruturan a densa rede de parcelas agrícolas. Existencia de pistas na zona montañosas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como patrimonio de arquitectura relixiosa a presenza dos cruceiros de Pena Furada e Porto Nadelas e a capela da Virxe da Pena Furada. Destacan numerosos petróglifos e algúns castros que amosan a presenza de asentamentos primitivos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe ordenada en diversas franxas desde a fachada costeira con cantís rochosos e de aí cara ao interior atopámonos unha primeira liña de parcelas agrícolas que se van mesturando con vivendas e ofrecendo unha paisaxe propia do medio rural no sector no que se sitúa a unidade. Os cantís describen unha forma singular denominada "Furnas", son rochas pizarrosas que a erosión da ondada moldeou dándolles un aspecto singular que caracteriza os cantís de Porto do Son.

DINÁMICA DA PAISAXE

Mantense a estabilidade da paisaxe en case toda a unidade agás polos novos asentamentos nas marxes da estrada AC-550 e abrigo na primeira liña da franxa costeira onde as edificacións ocupan un espazo que desfragmenta o vínculo cos núcleos tradicionais.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta paisaxe equilibrada por unha ordenación coherente amosa un típico exemplo de integración dos elementos no territorio, aínda atopándonos algúns elementos que non cumpren estes parámetros, a dinámica do mesmo mantén a estabilidade necesaria para que a súa capacidade de carga non se vexa excedida. As montañas ocupando o fondo escénico e, ao pé das mesmas, as masas boscosas ábreanse para amosar os núcleos tradicionais. Por último un denso parcelario que se estende até a franxa de cantís que, de non ser por algúns asentamentos espontáneos, ofrecería, grazas ao seu laxo relevo, unha visión do conxunto de singular beleza. Unha visión íntegra da unidade obtense desde as súas cotas de nivel máis extremas: na costa en Punta Laxe e no alto do Monte Esteroi.

Destacar os cantís característicos na costa de Porto do Son denominados "Furnas", tanto estes, como a chaira costeira próxima, protexidos polo LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Tamén está incluída dentro da protección de Espazos de Interés Xeomorfolóxico, a rede europea Rede Natura 2000 e a Rede Galega de Espazos Naturais. A arquitectura tradicional dos núcleos incrementa o seu valor cos elementos recollidos no patrimonio cultural e arqueolóxico (petróglicos e castros abrigo) tan abundante.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



